

# Don Manuel Murguía e un poeta emigrante de Betanzos

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

Sumario
Dous poemas que un betanceiro emigrante envía a Manuel Murguía
Abstract
Two poems that an emigrant front Betanzos sent to Manuel Murguía

Don Manuel Murguía (1833-1923) é unha figura de importancia transcendental para a historia de Galicia, para o rexurdimento galego e para a literatura galega. Aínda que no campo da literatura non pode figurar como un importante creador por ser escasa a súa obra en galego, temos que situalo xunto cos grandes poetas galegos do século XIX, aos que estivo intimamente unido e aos que estimulou a escribir, e dos que finalmente estudia a creación poética. Descoñecendo ata que punto é certa a afirmación de Carré Aldao de que Murguía deixou o cultivo da poesía como unha homenaxe a súa esposa Rosalía<sup>1</sup>, o certo é que a sensibilidade e a capacidade poética de Murguía están suficientemente demostradas non só nos seus poucos poemas senón tamén nos textos en prosa reunidos no libro *En prosa*. Por outro lado, a poesía é a súa vocación primeira como el mesmo manifesta en verso: *Los versos fueron mi ilusión primera./Porque en la alada estrofa ver creía./de mis vagos y tristes pensamientos/encerrada la imagen fugitiva,/como en el vaso de cristal tallado/el agua transparente, pura y limpia.*

É quizais a súa vocación poética a que provoca que Murguía apareza como un importante crítico de poesía e animador dos poetas do seu tempo. Investigando na Academia Galega no arquivo de Murguía atopamos unha carta, chea de faltas de ortografía, que un tal **José Vázquez das Mariñas** de Betanzos, presentándose como «un rústico campesiño», envía desde Santa Marta, Cienfuegos-Cuba, o 17 de setembro de 1866, a Don Manuel Murguía a Lugo; nesta carta mándalle un poema en galego que se titula «En recordo á Ciudad de Betanzos. Décimas», poema que, segundo se afirma, forma parte dun conxunto de composicións deste descoñecido autor. Aínda que afirma considerar de pouca importancia a súa obra poética, ofrécese a enviarlla completa a Murguía se o mestre o estimase conveniente: *He compuesto algunas otras, mas como no las considero de ningun merito (lo mismo que esta) no las remito, pero si de alguna cosa se sirbiera puede V. tomarse la molestia de escribirme, que tanto las pocas que tengo sacadas y algunas otras que componga, se las ofrezco con mucho gusto, pues me consideraría dichoso por hacer alguna cosa util para mi patria.* Ofrecemos a versión facsímile desta composición que o autor permitiría que Murguía, correxindo as faltas de ortografía, publicase.

Transcribimos a continuación a, en palabras do autor, «décima que se publico en uno de los periódicos de la Isla», coa acentuación necesaria para poder entender a composición:

\*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

<sup>1</sup>Vide Carré Aldao, «Estudio biobibliográfico-crítico acerca de Rosalía de Castro», en *Boletín* da.R.A.G., tomo XVI, p.90.

**En recordo á Ciudad de Betanzos**

Décimas

Ay Betanzos, se souperas,  
Canto de ti, me acordey,  
Cantos traballos pasey,  
Que cousas non me dixeras;  
Millores días esperas,  
Na terra que te criaches,  
A tua sorte deixaches,  
No rueiro que naciches,  
E probe de ti, non biches,  
As maceiras que prantaches.

Acórdome dos primeiros,  
Donde eu me debertía,  
Donde boas mozas bía,  
Sin que fora ós seus rueiros,  
Cos mociños falangueiros,  
Paseaban no Cantón,  
Sentábanse nun rincón,  
Para comer as castañas,  
Contando as suas marañas,  
E bebendo biño bon.


Cantas rapazas bonitas,  
Cantos mozos enchoando,  
E cantos comprando gando,  
Polas animas benditas.  
Que son cousas tan lícitas  
E tan boas de contar,  
Que dá gana de chorar,  
Cando un se acorda ben,  
Por que alí hay moito ben,  
Moito, canto ay que mirar.

Como me pode esquencer  
Cantas cousas alí bin,  
Cando me teñen a min,  
Roubadiño o meu querer,  
Como, se non pode haber,  
Cousa de tanta alegría,  
Nin na festa nin na fía  
Nin en outras debersíós  
Nin en S. Pedro de Nós  
Cando hay a romaría.

En nota a pé de páxina aclara que o domingo e

luns de Pascua, hai unha importante romaría na parroquia de San Xulián de Soñeiro, lugar próximo ao Espírito Santo.

Ofrecemos a continuación a edición facsimilar:



Xunto con este curioso poema en galego dedicado a Betanzos envía un non menos curioso poema en castelán que afirma que improvisou no mesmo momento de escribir a carta, poema que é un canto á figura de Murguía. Ofrecemos igualmente a versión facsímile e a súa transcripción:

### A Galicia y su historiador, un campesino ausente

No puedo menos que llorarte,  
Pueblo colmado de delicias,  
Porque nunca fui amigo de injusticias  
Y mi único anhelo, ha sido amarte.

Si, pueblo lleno de glorias y de encantos,  
Quien es el que sabe amar y te abandona,  
Cuando aquí en esta ardiente zona,  
Se encuentra uno lleno de pesares y quebrantos.

Brillen tus glorias inmortales por dó quiera,  
Con tan sabios y ardientes corazones  
Que ninguna persona explicará estas razones,  
No siendo tu Historia verdadera.

Heres grande en riquezas y nobleza  
En productos, en amor y agricultura,  
Y para perfeccionar tanta hermosura,  
D. Manuel Murguía lebanta la cabeza.

Oh, D. Manuel, si pudiese ayudarle en su tarea, un tanto,  
Con mi corazón tan fiel, ardiente y puro,  
Seríamos de los hombres grandes, lo aseguro,  
Más que lo fueron los héroes de Lepanto.

Mas, no puedo, porque me falta ese gran talento;  
Si fuese mi conocimiento, según le acompaña el corazón,  
Trabajaría siempre para mi nación,  
Y no tendría en la tierra otro pensamiento.

Murguía, bo coñecedor da literatura *High brow*, conservou estas dúas composicións con enorme consideración porque coñecía tamén moi ben a literatura *Low brow* e comprendía os desexos de publicar.

*Galicia y su historiador, un Campesino ausente.*

*No puedo menos que llorarte,  
Pueblo colmado de delicias,  
Por q. nunca fui amigo de injusticias  
Y mi unico anhelo, ha sido amarte.*

*Si, pueblo lleno de glorias y de encantos,  
Quien es el que sabe amar y te abandona;  
Cuando aquí en esta ardiente zona,  
Se encuentra uno lleno de pesares y quebrantos?*

*Brillentes glorias inmortales por dó quiera,  
Con tan sabios y ardientes corazones  
Que ninguna persona explicará estas razones,  
No siendo tu Historia verdadera.*

*Heres grande en riquezas y nobleza  
En productos, en amor y agricultura,  
Y para perfeccionar tanta hermosura,  
D. Manuel Murguía lebanta la cabeza.*

*Oh? D. Manuel; si pudiese ayudarle en su tarea, un tanto;  
Con mi corazon tan fiel, ardiente y puro,  
Seriamos de los hombres grandes, lo aseguro,  
Mas que lo fueron los heroes de Lepanto.*

*Mas, no puedo, por q. me falta ese gran talento;  
Si fuese mi conocimiento, según le acompaña el corazon  
Trabajaría siempre para mi nacion,  
Y no tendría en la tierra otro pensamiento.*

*u. al. b. ta*

